



Esther Carrodegua,
autor de "32m²".
M.M.



Jamas, de Dios ke te Crew,
escribiu "Diario dun pirata
confinado". J. Sokram

MAI MATO • Vigo

Diarios confinados e literarios

Esther Carrodegua no seu libro teatral "32m²" e o músico Jamas en "Diario dun pirata confinado" reflexionan sobre a pandemia

E se lle deramos unha volta ós nosos recordos do confinamento? E se os vistáramos cunha bandeira pirata e trazáramos un linde difuso entre recordo e ensaíación? A proposta xa existe e chámase "Diario dun pirata confinado" (Urutau). Trátase da obra literaria de Jamas, un dos integrantes do grupo de hip hop galego Dioskecrew. Este libro maila peza teatral "32m²"—obra de Esther Ca-

rodegua editada por Positivas—son dúas das últimas novidades literarias galegas que procuran deixar paxina a eternidade a pista do que supuxo o confinamento.

No caso de "Diario dun pirata confinado", non se esperen un diario novo ao uso, senón unha reflexión lúcida e divertida do que somos, do que tememos dende a voz

aléxica dun pirata contemporáneo con wifi, alambique, tarxeta e pluma.

Nas súas páxinas directa ou indirectamente hai moita crítica social: "Mais estou convencido de que o inimigo da sociedade non é a COVID-19, nin a gripe do grelo, do quino ou da langosta, nin sequera o cancro. O inimigo da sociedade é a ignorancia, a incultura, o virus máis perigoso imaxinable que deriva pasivo-fino nunha pandemia de fascismo".

Sei algunhas das liñas do último día do confinamento que escribe Jamas na travesía do seu "furancho flotante". Son as correspondentes á xornada 93, a do 14 de xuño de 2020.

O pirata que se comunica connosco, como sinala a escritora Teresa Moure na introdución, está "lonxe do Caribe" para que ó ler o seu diario "abramos unha xanela nos muros que nos contornan", unha fiestra pola que "escapar dunha época que nos arrebatara as opcións".

Ao longo das súas páxinas, vai sopeando distintas figuras e momentos chivatos como francotiradores nas xanelas, as alocucións polos medios das autoridades, os paseos

con franxas horarias delimitadas, a necesidade de ter un can para ter máis liberdade.

Pero tamén hai momentos de crítica social como o do escrito do día 28 do confinamento. Nesa xornada, séntese "culpable" por sentirse "desditado en ocasións. Fainos reflexionar" 28 días de encerro parécenos a maior tortura imaxinable (...) Véñenme á cabeza os refuxiados, os sen fogar, os que resisten en Palestina, os verdadeiros desamparados" ademais do campamento de refuxiados de Tinduff. "Poís confinados do verdade. Os que sen existir, existen", escribe.

Reflexión social a obreco tamén Carrodegua en "32m²", o libro dunha peza teatral que segue cunha estética xira. É esta unha do teatro do absurdo pero co trasfondo real do confinamento, da vida de dous antisistema que antes da pandemia estaban acomodados a unha sociedade que agora na crise do coronavirus os converte no que realmente son: dúas persoas sen case futuro, á marxe da sociedade.

Mar e Xan, os protagonistas, confían nas palabras do Goberno de que recibirán axudas pero cando caen na conta de que non lles darán "nada" con maiúsculas, minúsculas, signos de interrogación, puntos suspensivos entenden o por que: "Porque traballo en B. Porque vivimos en B. Porque somos clase B. Porque somos unha merda. Un desastre en B. Non non somos Clase A. Somos B en B".



CLUB FARO

Mayo **Entrada libre**

Salón de actos del MARCO (Príncipe, 54)

Charla-Coloquio

26

Miércoles

20 h.

Teorías de la Conspiración
(De la paranoia al genocidio)

Interviene
Alejandro M. Gallo
(doctor en Filosofía)

Presenta
Jorge Álvarez Yáñez
(catedrático de Filosofía)



Alejandro M. Gallo



Sanz y su peculiar visión de la pandemia

La escritora Marta Sanz tamén se decantou na pandemia por escribir un diario. Agora lo publica con a editorial Anagrama. Se titula "Parte de mí", al igual que el hashtag que ha utilizado para subir sus comentarios e historias. La obra obreco un diario peculiar del 17 al 31 de diciembre.

DEPUTACIÓN PONTEVEDRA

CONCELLO DE VIGO

* Aforo restringido a 34 personas por las normas anti-covid